

ANUNCIO DA APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS OU EXCLUÍDAS, NA COMISIÓN EXTRAORDINARIA DE 25 DE XUÑO, EN RÉXIME RESIDENCIAL, NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025/2026.

A Deputada Delegada, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN,

Ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais o Decreto 329/2005, de 28 xullo, (DOG 16/8/2005) polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a Deputación de Pontevedra conta no Centro Príncipe Felipe con recursos para a atención residencial de menores procedentes de concellos da provincia.

Este servizo de acollemento residencial ten como finalidade atender a aquelas persoas menores procedentes de familias con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos servizos sociais comunitarios dos concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da Xunta de Galicia.

A fin de regular a admisión dos menores no centro en réxime residencial, a Dirección do Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do dito procedemento para o curso 2025-2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 64 de data 3 de abril de 2025.

Tal e como establecen as bases da convocatoria o Consello Coordinador de Centros de Acollemento, en reunión extraordinaria celebrada o 25 de xuño do presente ano, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, eleva a proposta ao órgano competente da Deputación Provincial para a resolución de adxudicación das prazas no réxime residencial, durante o curso 2025/2026.

Considerando o establecido na base décimo segunda das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial en consonancia co artigo 45.1b) da LPACAP, o presente acto administrativo será obxecto de publicación, surtindo os efectos da notificación.

Considerando o establecido no artigo 61.22 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se establece a competencia do Presidente da Deputación Provincial para aprobar os expedientes de ingreso de persoas en establecemento provinciais.

Considerando que por Resolución da Presidencia nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, delégase na Deputada Dona Sandra Bastos Míguez as atribucións da Presidencia no Centro Príncipe Felipe, **RESOLVO:**



1.- Admitir no Centro Príncipe Felipe en réxime residencial, para o curso 2025-2026, aos menores que a continuación se relacionan:

Nº	Nº Rexistro	Nome	Idade	Puntuación	Centro
1	2025007562	ANAIK	13	9,25	AGARIMO
2	WEB2025045499	DAVID	17	5,00	ESCOLA FOGAR
3	2025007559	SUHAILA	11	9,50	ESCOLA FOGAR

2.- A publicación do anuncio da aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas, excluídas ou non aceptadas, en réxime residencial, no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025/2026.

Asinada dixitalmente ao marxe.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE.-INTERESADO.-

